

"Poucas cousas dan máis medo que perder a memoria"

Xavier Estévez, docente e escritor, acaba de publicar "Aqueles momentos que perdemos", a historia de dúas amigas que percorreren os camiños nun mundo en que a civilización se esvaece. Estévez (Bruxelas, 1969) imparte clases de Primaria en Vigo e ten publicadas varias obras de literatura infantil e xuvenil. "Con este libro gustaríame provocar no lector adolescente unha reflexión sobre as cousas realmente importantes, sobre a nosa escala de valores, pero tamén sobre que quedará ao final da vida: os anos vividos, as xentes que coñecemos, as experiencias que acumulamos. Da nostalgia, en definitiva", expresa nesta entrevista.

[SELINA OTERO](#)

22/10/2019



Nenas que non saben nin como se chaman

Ese é o comezo de "Aqueles momentos que perdemos", a historia dunha rapaza á que só lle quedan retallos de memoria, pequenos anacos do pasado que non é quen de ganduxar. Pronto descubriremos na novela que ademais é un problema de todos, que ninguén lembra nin tan sequera o seu nome.

Nin onde están...

Iso é. O escenario neste libro é ese: un mundo no que ninguén lembra xa nada. A memoria desapareceu de súpeto da terra e deixou a todos orfos de recordos. A historia, encadrada dentro do xénero fantástico, sucede nunha Galicia distópica que se converte nunha paisaxe de soidade e poderíamos incluso dicir de medo. Coas lembranzas desaparecen tamén os elementos da civilización, todo se vén abaixo. Quedan tan só as pegadas de todo aquilo que fomos.

Que duro!

Sen dúbida. O poeta John Donne escribiu hai xa varios séculos: "Ninguén é unha illa, completa en si mesma; cada home é un anaco de continente, unha parte da terra". E cal é o fío que nos une a todos? Eu penso que a memoria. Sen ela, convertémonos en labirintos, perdemos a parte de humanidade que temos. No libro, unha sociedade sen memoria está condenada a desaparecer e dos seus derradeiro remol emerxe un mundo sen regras e sen comunicación, un mundo formado polas illas en que se converte cada un de nós. Sucede algo semellante en "The road", o magnífico libro de Cormac McCarthy. Temos tendencia a imaxinar a fin do mundo como algo inmediato, un feito que sucede en segundos, mais o terrible sería que sucedera doutro xeito. Non a perda do planeta, senón a perda da humanidade. Diso quería falar.

Como puido, como autor, imaxinar un mundo, uns personaxes sen memoria?

Vivimos nunha sociedade cada vez máis comunicada e sen embargo a soidade medra como unha epidemia difícil de controlar. É difícil de entender. “Aqueles momentos que perdemos” é unha reflexión sobre isto a través dun relato fantástico. A perda da memoria como metáfora de algo que está medrando ao noso redor sen que lle prestemos a suficiente atención. Os personaxes perden a memoria e quizais a nós, como sociedade, estamos a pasar o mesmo, coma se estivésemos condenados a repetir os erros unha e outra vez. Esta idea, que tomo de Viktor Frankl, é unha das preguntas que o libro quere expor: onde nos levan os nosos erros? Poden eses erros rematar coa civilización tal e como a coñecemos?

Quería trasladar ás idades temperás o feito de vivir sen memoria, algo que asociamos á xente maior.

Realmente sería moito máis doado escribir sobre o alzheimer. Non quixen porque quería fuxir dos tópicos, mais o fondo está aí. Moita xente maior, e non tan maior, vive atrapada nun tempo que se detivo. A memoria que se esvaece convértese, como dicía antes, nun labirinto do que é imposible fuxir. Poucas cousas producen máis medo. É o que lle sucede á protagonista do libro cando tenta situar os anacos da súa vida, os poucos que de cando en cando lle volven á cabeza, e non é quen de recompoñer ese quebracabezas. Quería provocar no lector adolescente unha reflexión sobre as cousas realmente importantes, sobre a nosa escala de valores, pero tamén sobre que quedará ao final da vida: os anos vividos, as xentes que coñecemos, as experiencias que acumulamos. Da nostalxia, en definitiva.

Por que? Tratábase de aliviar unha dor?

Hai uns anos o meu pai comezou a perder a memoria. Ese foi o xerme da historia. Como ti ben dis, aliviar a dor que produce ver a alguén querido agochase á modio no seu interior para non saír máis. Naquel momento, necesitei conxurar esa dor a través da escrita e decidín facelo a través deste relato. Iso permitíame introducir na narración todas aquelas reflexións que tiña no meu interior e, indo da man da protagonista, tocar aqueles temas que me parecían importantes.

É terrible, non? Que todo o pasado desapareza dun momento para outro.

Non hai nada máis terrible. A perda da memoria, ademais, xera dependencia. Sabemos que é un mal que se estende impregnando ás persoas que rodean ao enfermo. No libro, coa memoria tamén desaparecen as relacións, o amor, o desexo de liberdade, a solidariedade. Toda a nosa sociedade está asentada nuns piares bastante febles. Quita un deles, e todo o demais esborrallase. Se cadra soa pesimista, pero nestas épocas convulsas, deberíanos levar a pensar en cara onde queremos avanzar coma sociedade. Ese é o reto.

Que é o peor de vivir sen recordos?

Eu diría que a soidade. Pero non unha soidade “fría pero tranquila” coma diría Herman Hess, senón caótica, chea de ausencias. Esa sensación triste que ten Ela, a nosa protagonista, que se nega a renderse, que teima en seguir adiante a pesar de todo e sen saber moi ben cara onde. A súa teima é erguerse cada día e seguir sendo ela mesma, non perder ese hábito que nos converte en humanos. E ao mesmo tempo, loitando coa desesperanza de saberse soa, que non chegará ninguén a salvara.

Ten algo positivo? (ou pode buscárselle un lado positivo?)

Volvendo de novo a Viktor Frankl, hai unha frase súa que me gusta moito: “quen ten un porqué para vivir, pode soportar case calquera como”. Todo o mundo precisa darlle un sentido á súa vida. No caso da nosa protagonista un mapa, que interpreta como pode, dálle esa meta, a motivación para erguerse cada día. Ela é unha adolescente forte, decidida, e atopa o seu porqué nesa pescuda dun Faro. A chegada de Sara, unha personificación da inocencia, aportará ademais unha nova táboa de salvación para evitar esa loucura que ameaza con levala ao fondo. A mensaxe é clara: todos necesitamos a alguén.

Que pretende con este libro?

Por un lado, quixen facer algo diferente do tipo de libros que adoito escribir. Aínda que a fantasía é dun dos elementos habituais da miña escrita “Aqueles momentos que perdemos” conducíume por un camiño diferente. Esta é unha obra moito máis poética e mesmo ten un pouso filosófico innegable. Como escritor, foi unha obra difícil pero cun proceso do que realmente aprendín moito. Quixen atrapar ao lector coa historia de Ela e a través dela achegarlle unha serie de preguntas, que non de respostas, que leven a unha reflexión sobre o mundo que imos deixar para o futuro. Por outro lado, tamén quixen facer algo distinto do tipo de libros para adolescentes que se fan en Galicia. Non quixen facer un libro que falara deles, das súas inxenuidades ou problemas... preferín levalos a un lugar no que nunca estiveran. A miña intención é que non queden indiferentes. Cando pasen a última páxina o meu desexo é que esta historia siga con eles moito tempo, que deixe unha pegada profunda.

Debo dicir tamén que detrás desta obra hai tamén un gran traballo do equipo de Oqueleo, especialmente Ana Guerra, que cos seus comentarios e observacións conseguiron levar este libro un paso máis adiante, enriquecérono sen dúbida. Entenderon perfectamente o tipo de mundo que estaba a crear para “Aqueles momentos que perdemos”, un mundo no que as persoas, como dicía Scott Fitzgerald no último parágrafo de “O gran Gatsby” navegamos a contracorrente cara o pasado, só que na miña historia nunca chegamos a alcanzalo.



Aqueles
momentos
que perdemos

Xavier
Estévez

LO

Un día as persoas esqueceron todo...

Cando Ela, unha adolescente sen recordos, coñece a Sara sabe que cambiará a súa vida para sempre.

As dúas percorreren os camiños nun mundo en que a civilización se esvaece. Un mundo sen pasado. Unha terra chea de perigos.

Unha emotiva historia de amizade, descubrimento e misterio nun mundo de silencios.